

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS MUNICIPAIS A CLUBS E ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2025**ANUNCIO**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 974/2025 do 29 de outubro de 2025 adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Por Decreto número 722 da Alcaldía, de data 08-08-2025, aprobouse a convocatoria subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico e a entidades, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte do Concello de Muros para o ano 2025. A convocatoria foi publicada no BOP núm. 157 do 20 de agosto de 2025.

SEGUNDO: Logo de ver os informes do órgano instrutor, o monitor cultural do Concello de Muros, do 26-09-2025 relativos á adecuación das solicitudes e do cumprimento dos requisitos esixidos aos beneficiarios, así como a valoración das solicitudes de subvención dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros sen ánimo de lucro con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico, e a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de fomento da actividade física para o ano 2025, segundo as bases xerais publicadas no BOP núm. 74 do 21 de abril de 2025, así como a acta da comisión de avaliación do 26-09-2025 que acreditan o cumprimento da xustificación das subvencións outorgadas as seguintes entidades e polos importes que se indican.

ENTIDADE	CIF	MOD.	CONCESIÓN	XUSTIFICACIÓN
SCRD ESTEIRANA	G70180724	A	3.000,00 €	4.200,00 €
ASOCIACIÓN OS SALTA REJOS	G70516463	B	3.000,00 €	5.100,00 €
CA SERRES RUNNERS	G70609748	B	3.000,00 €	5.100,00 €
VOLANTES DE BAÑO FC	G15481195	A	1.500,00 €	2.100,00 €
UD MONTE LOURO	G15560022	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CD MUROS	G70532361	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CC CICLISTA MUROS	G15118409	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CD TRIKI TEAM	G70294640	A	562,50 €	787,50 €

Condicionar a concesión da subvención a que a que a totalidade das beneficiarias se atopen ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Municipal do Concello de Muros, coas Facendas Estatais e Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e non incorran en procedemento de reintegro de subvencións ou de perda do dereito de cobro das mesmas, fiscalizado o expediente e a fase "D" pola Intervención municipal mediante informe do 28-10-2025.

Acreditada, igualmente, a existencia de saldos de autorizacións na aplicación 24/341.48000 (operación núm. 22025002401), en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 41.17 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nos artigos 56 e 57 do RD 500/1990, do 20 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Comprometer o gasto e aprobar a concesión provisional en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros sen ánimo de lucro con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico, e a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de fomento da actividade física para o ano 2025, segundo se establece no anexo I.

SEGUNDO. Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se desistan expresamente, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

TERCEIRO. Notificar ás entidades, clubs e/ou asociacións interesadas esta resolución, sinalando que para o pago das mesmas será preciso que previamente os/as beneficiarios/as presenten a documentación xustificativa segundo o disposto na base 9ª das bases que rexen a presente convocatoria, con data límite de xustificación que rematará o 30-11-2025.

CUARTO. Dar traslado á Intervención, á Tesourería municipal e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Muros, 29 de outubro de 2025

María Lago Lestón
A alcaldesa do Concello de Muros

ANEXO I

BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS PARA A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE MUROS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, CON EQUIPOS OU DEPORTISTAS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO LOCAL, PROVINCIAL OU AUTONÓMICO, E A ENTIDADES, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA PARA O ANO 2025.

ENTIDADE	CIF	MOD.	CONCESIÓN	XUSTIFICACIÓN
SCRD ESTEIRANA	G70180724	A	3.000,00 €	4.200,00 €
ASOCIACIÓN OS SALTA REJOS	G70516463	B	3.000,00 €	5.100,00 €
CA SERRES RUNNERS	G70609748	B	3.000,00 €	5.100,00 €
VOLANTES DE BAÑO FC	G15481195	A	1.500,00 €	2.100,00 €
UD MONTE LOURO	G15560022	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CD MUROS	G70532361	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CC CICLISTA MUROS	G15118409	A	1.312,50 €	1.837,50 €
CD TRIKI TEAM	G70294640	A	562,50 €	787,50 €